

Boletín CITMAGA Nº 1-2022

–Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia–

(22/02/2022)

Información da dirección.....	1
Seminario de Iniciación á Investigación.....	2
Seminarios, xornadas e outros eventos CITMAGA	2
Premios e recoñecementos.....	3
Convocatorias.....	3
Ofertas de emprego.....	4
Outras novas de interese.....	4
CITMAGA en medios.....	5
Documentación de interese.....	6

Información da dirección

Prezadas compañeiras e prezados compañeiros:

Este é o primeiro dos boletíns de información que iremos remitindo dende CITMAGA a todo o seu persoal investigador e propio, co fin de que coñezades a actividade realizada no centro, así como outras novas de interese. Aproveitamos para agradecervos a vosa participación na Xornada Inaugural e animámosvos a seguir a CITMAGA en [Twitter](#) e [LinkedIn](#).

Un saúdo,

Rosa M. Crujeiras, Directora Científica (en funcións)

Javier Roca, Director Adxunto de Transferencia (en funcións)

**Consorcio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**
www.citmaga.gal

Edif. Instituto Investigacións Tecnolóxicas, planta -1
Rúa de Constantino Candeira s/n.
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
citmaga@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357

Seminario de Iniciación á Investigación

T **Técnicas de optimización para o deseño de instrumentos musicais**
Filipe Soares
Área de Matemática Aplicada
Mércores, 16 de febreiro de 2022, 17:00h
Salón de Graos, Facultade de Matemáticas

Durante séculos, o deseño e desenvolvemento de instrumentos musicais foi realizado por artesáns cunha base empírica, via tentativa e erro. Actualmente, grazas ao aumento significativo do poder computacional, aos novos métodos de optimización eficientes e técnicas de modelización física precisas, podemos reavaliar o deseño de moitos instrumentos usando unha abordaxe científica máis xenérica e versátil. Nesta charla exploraremos os desafíos atopados na área da acústica musical e os métodos matemáticos frecuentemente utilizados para a modelización física e optimización de instrumentos musicais modernos.

SII CENTRO DE INVESTIGACIÓN E INICIACIÓN Á INVESTIGACIÓN USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA CITMAGA CENTRO DE INVESTIGACIÓN E TECNOLOXÍA MATEMÁTICA DE GALICIA Universidade de Vigo

Técnicas de optimización para o deseño de instrumentos musicais, Filipe Soares (Área de Matemática Aplicada).

***Resumo:** Durante séculos, o deseño e desenvolvemento de instrumentos musicais foi realizado por artesáns cunha base empírica, via tentativa e erro. Actualmente, grazas ao aumento significativo do poder computacional, aos novos métodos de optimización eficientes e técnicas de modelización física precisas, podemos reavaliar o deseño de moitos instrumentos usando unha abordaxe científica máis xenérica e versátil. Nesta charla exploraremos os desafíos atopados na área da acústica musical e os métodos matemáticos frecuentemente utilizados para a modelización física e optimización de instrumentos musicais modernos.*

Data: Mércores, 16 de febreiro de 2022

Lugar: Salón de Graos, Facultade de Matemáticas, da Universidade de Santiago de Compostela.

Hora: 17:00h

Seminarios, xornadas e outros eventos CITMAGA

XORNADA INAUGURAL CITMAGA

O luns 14 de febreiro tivo lugar na Facultade de Matemáticas da USC esta xornada. A primeira parte desta Xornada estivo dirixida ao persoal investigador vinculado, persoal investigador en formación, persoal propio e persoal investigador colaborador de CITMAGA. Nesta primeira parte presentouse a folla de ruta do CITMAGA da man da nosa Directora Científica en funcións, Rosa María Crujeiras Casais. E a continuación Kathryn Hess, membro do Comité Asesor Científico Externo, impartiu a conferencia “Topology, group theory and neurons”. Na segunda parte do evento, houbo reunións entre o Comité Asesor Científico Externo (CACE) e o Comité Asesor Industrial (CAI). Pola



De esquerda a dereita: Elena Vázquez (Decana da Facultade de Matemáticas), Julio Abalde (Reitor da UDC), Antonio López (Reitor da USC e Presidente de CITMAGA), Manuel Joaquín Reigosa (Reitor da UVigo) e Rosa M. Crujeiras (Directora Científica, en funcións, de CITMAGA). Foto: Santi Alvite.

**Consorcio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**
www.citmaga.gal

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1
Rúa de Constantino Candeira s/n.
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
citmaga@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357

tarde, organizouse unha xuntanza aberta do CACE, a Dirección e o persoal investigador do CITMaga. O CACE está constituído por Manuel de León (presidente, ICMAT), Luís Vega (BCAM), Emilio Carrizosa (IMUS, Rede math- in), Kathryn Hess (EPFL) e Patrizia Pucci (Università degli Studi dei Perugia). Toda a información pódese ver na web do CITMaga: [Xornada Inaugural](#)



Reunión entre o Comité Asesor Científico Externo (CACE) e o Comité Asesor Industrial (CAI).



Xuntanza aberta do CACE, a Dirección e o persoal do CITMaga.

Premios e recoñecementos

- **Medalla SEIO 2020:** Wenceslao González Manteiga, investigador vinculado a CITMaga da USC.
- **Premios SEIO e Fundación BBVA do ano 2020:** Wenceslao González Manteiga e Manuel Febrero Bande investigadores vinculados a CITMaga da USC.
Máis información aquí: [Novas Fundación BBVA](#)

Convocatorias

- **Proxectos Investigación Científica fundación BBVA.** As axudas a proxectos de investigación obxecto desta convocatoria responden o compromiso da Fundación BBVA co impulso da investigación científica e a súa proxección á sociedade, como forma de ampliar as oportunidades individuais e colectivas e abordar de maneira eficaz os principais retos do século XXI.
O obxecto da convocatoria é a concesión de axudas económicas para o desenvolvemento de proxectos de investigación nas seguintes áreas:
 - Matemáticas
 - Cambio Climático e Ecoloxía e Bioloxía da Conservación
 - Biomedicina

**Consorcio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**
www.citmaga.gal

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1
Rúa de Constantino Candeira s/n.
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
citmaga@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357

- Ciencias Sociais
- Filosofía

📅 Prazo: 15 de marzo do 2022 ás 18:00h.

📄 Información Convocatoria: <https://www.fbbva.es/ayudas/ayudas-proyectos-investigacion-cientifica-2021/>

SE TES INTERESE EN CONCORRER A ESTA CONVOCATORIA OU NOUTRA QUE TEÑAS EN MENTE, CONTACTA COA UNIDADE DE INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA DE MATEMÁTICA Á INDUSTRIA (ITMATI) DE CITMAGA: itmati@itmati.com

Ofertas de emprego

As nosas ofertas de emprego poden consultarse en: <https://citmaga.gal/procesos-seleccion-personal>

Ofertas de emprego abertas:

- [OFERTA DE EMPREGO CITMAGA-OT-05-2022: dous contratos como investigadores/ as para o proxecto de investigación: "Simulación, modelización e optimización de sistemas de almacenamento de enerxía"](#)
- [OFERTA DE EMPREGO CITMAGA-OT-06/2022: 1 contrato como investigador/a para o proxecto de investigación: "Sistema experto de mellora de solucións e optimización de procesos de produción biosostenibles".](#)

Outras novas de interese

- *A Xunta de Goberno da Real Sociedade Matemática Española conta con dúas novas incorporacións procedentes do CITMAGA: María Victoria Otero Espinar, investigadora vinculada a CITMAGA da USC, é a vicepresidenta e Javier Martínez Torres, investigador vinculado a CITMAGA da UVigo é o tesoureiro.*
- *Dous investigadores do CITMAGA están entre os máis citados en matemáticas en España. Juan J. Nieto lidera a lista nacional, na que tamén figura Alberto Cabada: <https://research.com/scientists-rankings/mathematics/es>*
- *Nace VentilatioLab, unha spin-off que optimiza a calidade do aire en espazos pechados para frear a COVID-19 e mellorar as condicións de habitabilidade.*

Inicia a súa actividade VentilatioLab, spin- off da USC que asegura a calidade do aire en espazos pechados. Alberto Pérez Muñuzuri, investigador vinculado do CITMAGA, é un dos seus promotores. Máis información:

- Xornal USC: <https://www.usc.gal/gl/xornal/novas/nace-ventilatiolab-spin-optimiza-calidade-aire-espazos-pechados-frear-covid-19-mellorar-condicions-habitabilidade>
- Páxina web Ventilatiolab: <https://ventilatiolab.com/>

**Consorcio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**
www.citmaga.gal

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1
Rúa de Constantino Candeira s/n.
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
citmaga@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357

CITMAGA en medios

- [O catedrático de Matemáticas, Juan José Nieto, explica a evolución da pandemia a través das matemáticas](#), no programa A Revista da TVG do luns 17 de xaneiro de 2022.
- [Juan José Nieto Roig: "Da evolución da Covid aprendemos moito de cara a futuras epidemias"](#). Publicada no Diario NOS o 18 de xaneiro do 2022.
- [Catorce investigadoras da USC, entre as científicas de España con maior influencia](#), publicado no Xornal da USC o 19 de xaneiro do 2022. Rosana Rodríguez López é unha investigadora vinculada ao CITMAGA e figura entre as científicas de España con maior influencia.
- [Las matemáticas gallegas, en busca de la excelencia](#), Blog Madrid i+d, 6 de febreiro de 2022.
- Xornada Inaugural CITMAGA 14-02-2022:
 - Xornal USC: <https://www.usc.gal/gl/xornal/novas/citmaga-traballara-futuro-matematicas-galicia>
 - Novas UDC: <https://udc.gal/gl/novas/As-tres-universidades-galegas-impulsan-o-Centro-de-Investigacion-e-Tecnoloxia-Matematica-de-Galicia-CITMAGA/>
 - Novas UVigo: <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/citmaga-bota-andar-integrando-capacidades-cientificas-apostando-transferencia-matematicas-galicia>
 - Nos Diario: <https://www.nosdiario.gal/articulo/social/usc-udc-uvigo-unense-polo-futuro-das-matematicas/20220214200426137390.html>
 - GCIencia: <https://www.gciencia.com/universidade/citmaga-matematicas-galicia/>
 - Galicia Confidencial: <http://www.galiciainconfidencial.com/noticia/189121-tres-universidades-crean-supercentro-impulsar-matematicas-galicia>
 - Boletín 747 RSME: [Boletín](#)
- Premios SEIO 2020 fundación BBVA e Medalla SEIO 2021, 16 de febreiro de 2022:
 - YouTube: <https://www.youtube.com/watch?v=f5OKpA-FqMM>
 - Xornal USC: <https://www.usc.gal/gl/xornal/novas/wenceslao-gonzalez-manteiga-manuel-febrero-bande-premiados-sociedade-estadistica-investigacion-operativa-fundacion-bbva>
 - Fundación BBVA: <https://www.fbbva.es/noticias/los-premios-de-estadistica-e-investigacion-operativa-celebran-el-poder-de-la-ciencia-de-los-datos-para-impulsar-el-avance-del-conocimiento-y-afrontar-los-grandes-desafios-del-mundo-a/>

Documentación de interese

Documentos de interese:

- [Manual de Imaxe Corporativa, manual básico da marca e logos CITMAga](#)
- [Normativa de Filiación](#)



**Consorcio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**
www.citmaga.gal

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1
Rúa de Constantino Candeira s/n.
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
citmaga@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357